



2013

anuario

DE LA EUORRREGIÓN
DA EUORRREXIÓN
DA EUORRREGIÃO

**GALICIA
NORTE DE PORTUGAL**

ÍNDICE

Editorial

Cara ó futuro que
queremos
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

Compartir experiencias
para competir mellor
ALFONSO RUEDA

Retos para unha nova
etapa
JESÚS GAMALLO

El año que no fue... o no
XOÁN F. VÁZQUEZ MAO

Capacidade
emprededora
EMÍDIO GOMES

A fronteira do encontro
LUÍS MANUEL GARCÍA MAÑÁ

Novas realidades na
fachada atlántica
ENRIQUE SÁEZ PONTE

Saír da crise, acabar coa
desigualdade
**JOSÉ RAMÓN GÓMEZ
BESTEIRO**

Un nuevo y decisivo
empuje a la Euroregión
**JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ
ALVARIÑO**

As pontes soltas das
autárquicas 2013
DAVID PONTES

La segunda conquista de
América
ELENA RAMALLO

¿Un ejercicio económico
para un cambio de
rumbo?
XOSÉ CARLOS ARIAS

Los precios de los
residuos
LUIS LAMAS NOVO

25 años de unidad
municipal
JOSÉ MANUEL REY VARELA

Artistas frente a la crisis
XOSÉ LUIS OTERO

Galicia no olvidará
Angrois
MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ

La pujanza del Sudoeste
europeo
ANTONIO LOSADA

Pemex pasa a controlar
Barreras
LUIS PÉREZ ÁLVAREZ

Banescos se lleva
Novagalicia
MANUEL LÓPEZ PAZ

Constitucional chumba
regime de mobilidade
ANTÓNIO LEAL

Galicia mira cara Cuba
JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ

Barroso destaca el
esfuerzo español
M.L.P.

Austeridade de 4700
milhoes de euros
MANOEL AZEVEDO

A cooperación no Cumio
Hispano-Luso
CARLOS PARDO

A construção naval não
pode morrer
LUÍS MARQUES

Feijóo aboga pola
constitución de
eurociudades
M. LÓPEZ PAZ

Galicia “marca o paso” en
Europa
JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ

A cooperación, eixo das
relación de Madrid e
Galicia
MANUEL LÓPEZ PAZ

Galicia, exemplo
extraordinario del uso de
fondos europeos
RICARDO NÚÑEZ

Punto y aparte
CHUS TORRES

Larga espera para el
naval
JOSÉ MOURELOS

Orgullosos de ser gallegos
M.L.P.

Damm controlará
Pescanova
RICARDO NÚÑEZ

Plan de acción conxuntas
na Eurorexión
M. LÓPEZ PAZ

Solução moderada
para as pensões de
sobrevivencia
JORGE MARTINS

La Justicia llegó once
años después
LUÍS PÉREZ ÁLVAREZ

Impacto reducido na
redución do Estado
NUNO ROCHA

Una voladura controlada
ANTONIO LOSADA

El sector lácteo gallego
comienza a ver la luz
MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ

El “Celta” salva la
movilidad
CHUS TORRES

El modelo transfronterizo
llega a Latinoamérica
L. PAZ

A eurocidade aposta polo
deporte
LUIS P. ÁLVAREZ

Planificando el futuro
MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ

El coste de la frontera
MARTA COSTAS

O de Vigo, porto Nodal
Mª VICTORIA ARNAU

Planificación de un nuevo
marco presupuestario.
MANUEL LÓPEZ PAZ

Non hai Galicia sen
Europa
L.P.M.

Directorio

EDITA

TRASLUZ

TRASLUZ LUKUS

Rúa Mondoñedo, 32. 2º Izq.
27004 Lugo

EDITOR

Antonio Losada

REDACCIÓN

Antonio Losada, Miguel Ángel Martínez, M. López Paz, Chus Torres, Manoel Azevedo, José Manuel Martínez, Ricardo Núñez y Carlos Pardo.

FOTOGRAFÍAS

Merce Rancaño, Chus Torres, Archivos de la Xunta de Galicia, del Gobierno de España, de la Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea y del Eixo Atlántico y Fernando González

ASESOR EDITORIAL: Luis Castiñeiras

DISEÑO: www.maitrol.es

DISEÑO PUBLICITARIO: Castillo Publicidad

IMPRESIÓN: Gráficas Lar

DEP. LEGAL: C - 170 - 2012

Edición no venal

Esta publicación cuenta con el apoyo de

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA**



XUNTA DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 61
15701 Santiago de Compostela.
Tel. +34 981 541 001
Tel. + 981 541002
Fax. 981 541 003

Cpax.xunta.es



Rúa Bolivia 4. 36203 Vigo, Pontevedra [España].
Tel. +34 986 480 616

Av. inferior á Ponte D. Luis I, 55.
4050-074 Porto [Portugal].
Tel. +351 222019937

com@eixoatlantico.com

PROHIBIDA LA REPRODUCCIÓN TOTAL O PARCIAL DE ESTA OBRA, INCLUIDO EL DISEÑO GRÁFICO Y DE PORTADA, SEA CUAL FUERE EL MEDIO, ELECTRÓNICO O MECÁNICO, SIN EL CONSENTIMIENTO DE SUS EDITORES.

El único camino

La cooperación transfronteriza es una herramienta indispensable para avanzar en la construcción de la Eurorregión. Frente a quienes reclaman nuevas fronteras, se hace necesario seguir diseñando proyectos adaptados a las necesidades de los ciudadanos y ajustados al nuevo marco presupuestario fijado hasta el año 2020.

Son palabras del presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, en su participación en esta publicación, en la que se muestra convencido de que el camino recorrido ha sido largo e importante pero que la meta de nuevos horizontes, impulsando una macrorregión o logrando un papel activo en el Arco Atlántico, son logros que servirán para ahondar en la cooperación entre Galicia y el Norte de Portugal y, en definitiva, en el desarrollo y bienestar de sus ciudadanos.

Porque pese a las dificultades económicas y sociales del 2013, que obligó a las administraciones a realizar importantes reajustes presupuestarios, gallegos y portugueses han avanzado de forma significativa en la construcción de este euroespacio. Y lo han hecho conscientes de que el de la colaboración es el único camino que les puede llevar a ser competitivos en un mundo y un mercado globalizados. Lo hicieron antes incluso que otras regiones europeas, apostasen por el desarrollo de prácticas conjuntas y lo harán, si cabe, con mayor convencimiento y rigor en los años venideros.

De lo aconteció en 2013 en el espacio de la Eurorregión Galicia-Norte de

Portugal trata este anuario que ve la luz por tercer año consecutivo. En él quedan reflejados los buenos y los trágicos momentos, como el terrible accidente ferroviario de Angrois, que deja una profunda huella difícil de borrar, o la destrucción del Santuario da Nosa Señora da Barca de Muxía, símbolo de la religiosidad, cultura y tradiciones de Galicia. En estas páginas se recogen los hechos más destacados de doce meses a través del análisis de especialistas y de la información recogida por medios españoles, gallegos y portugueses.

Porque nuevamente el anuario ha contado con la colaboración de especialistas, a ambos lados de la frontera, en cuestiones que resultan vitales para el futuro de ambas comunidades. Y nuevamente ve la luz gracias al empeño de la Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea y de su director xeral, Jesús Gamallo, y del Eixo Atlántico del Noroeste Peninsular y su secretario xeral, Xoán Vázquez Mao.

La construcción de la Eurorregión de Galicia y Norte de Portugal avanza de forma imparable. Y este Anuario tiene la vocación de seguir ese ritmo para recoger todo cuando acontece. Tres ediciones son suficientes para saber que el proyecto está ya consolidado. Y lo ha hecho al amparo de otro gran proyecto, el del euroespacio gallego y portugués, que cumple la finalidad de avanzar en la construcción de una Europa que haga que sus ciudadanos se sientan más solidarios, más unidos y más felices. Que es, en definitiva, de lo que se trata.

UNETE AO EQUIPO SOGAMA

QueRer é poder!!

Descubre o teu PODER en www.sogama.es



Coa súa visión, **ROMÁN** ten a capacidade de previr a produción de lixo a través dun consumo responsable



O poder de **RITA** é a imaxinación. Co seu inxenio é capaz de atopar usos sorprendentes a materiais aparentemente sen utilidade.



ROQUE ten a habilidade de separar con acerto os residuos por tipos de material, que logo deposita nos contedores correspondentes habilitados na vía pública.

GARLO

GESTIÓN DE PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.



TUS IDEAS, NUESTRA GESTIÓN



SERVICIOS:

- Project management**
- Proyectos de ingeniería y arquitectura**
- Direcciones de obra**
- Coordinación de seguridad**
- Naves industriales**
- Reformas**
- Edificación**
- Soluciones energéticas**
- Estudios de eficiencia energética**
- Desamiantado**

GARLO GESTIÓN DE PROYECTOS Y CONSTRUCCIONES S.L.U.

Avda. Benigno Rivera, Nº 28 (Polígono Industrial O Ceao) - 27003 Lugo - Telf.: 982 265 496 - Fax.: 982 204 329

www.garloconstrucciones.com

Cara ó futuro que queremos

ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Nun ano 2013 marcado pola difícil conxuntura económica e a inminente posta en marcha dunha nova axenda europea, con cambios no sistema de financiamento, supón unha satisfacción comprobar, de novo, a boa marcha da cooperación luso-galaica. As dificultades do período que nos toca afrontar non mermaron nin o desexo de seguir colaborando, nin os bos resultados das iniciativas.

Galicia e o Norte de Portugal foron pioneiras no eido da cooperación transfronteiriza, desenvolvendo prácticas conxuntas mesmo antes de que as administracións europeas apostasen por incentivar estas iniciativas. E a Eurorrexión foi, desde o seu comezo, un exemplo de boas prácticas, de racionalidade no emprego dos fondos públicos e de deseño dos proxectos, pensados sempre para obter resultados concretos que melloren a vida dos cidadáns.

Este anuario supón unha ocasión de volver a vista atrás para facer un repaso do traballo feito ó longo do último ano. Unha ocasión para disfrutar dos acertos e para repasar aquilo que aínda pode mellorar ou para idear novos camiños que percorrer xuntos, galegos e portugueses. Nesta ocasión, este repaso queda inevitablemente tinxido de tristura, polo recordo do terrible accidente ferroviario de Angrois. Diante da traxedia das vidas perdidas, dos feridos e das familias rotas pola dor, so cabe un silencio emocionado, cheo de solidariedade e de cariño. Cumpre tamén facer unha especial louvanza do comportamento exemplar dos veciños, que acudiron inmediatamente ó lugar do suceso para socorrer ás vítimas, axudando así a salvar moitas vidas. E, coma presidente de Galicia, teño que agradecer as mensaxes de condolencia, os ofrecementos de axuda que chegaron desde todos os puntos do globo, moi especialmente desde Portugal.

As mostras de cariño, a sensación de contar co aprecio da comunidade internacional, especialmente dos nosos veciños europeos, son o mellor acicate para seguir traballando nos retos que plantexa a nova etapa que agora se abre. Para camiñar de cara ó futuro que queremos para Galicia e para o conxunto da Eurorrexión. O desenvolvemento acadado por Galicia nos últimos anos levan a que a nosa comunidade deixe de ser xa unha rexión europea de converxencia.

Este feito demostra o pulo do tecido social, da economía, das empresas ou do I+D+i galegos. Ante o escepticismo dalgúns, fomos quen de medrar e de reducir a distancia que nos alonxaba doutras rexións europeas. Pero tamén supón un novo reto cheo de esixencias. Cómpre manter o acadado e consolidalo. Cómpre adaptarnos á nosa nova situación no seo de Europa, para seguir facendo escoitar con claridade a nosa voz, que representa, en boa medida, as necesidades da meirande parte das rexións periféricas da fachada atlántica do continente. Cómpre seguir deseñando proxectos adaptados ás necesidades dos cidadáns e axustados ao novo marco orzamentario fixado na axenda comunitaria ata o ano 2020.

Para facelo, a cooperación transfronteiriza preséntase como unha

ferramenta indispensable. Fronte a quen reclama novas fronteiras, ou soña unha Europa de rexións monolíticas nos seus rasgos lingüísticos e culturais, nos apostamos por un dos lemas da eurocidade Tui-Valença: dous pobos, tres linguas, unha ilusión. Unha frase que resume perfectamente o espírito da eurorrexión. Un espírito que non deixa de buscar novos horizontes, impulsando, por exemplo, a macrorrexión do suroeste de Europa na que tamén se integra Castela e León, ou contando cun papel especialmente activo no seo do

Arco Atlántico, facendo que o vello continente non esqueza xamais a importancia económica, histórica e cultural da súa gran fachada marítima.

Temos percorrido moito camiño ate chegar aquí. Quedan lonxe xa aqueles momentos iniciais nos que a aventura da Eurorrexión lles parecía a algúns un capricho ou un mero exercicio de despacho destinado a encher carpetas de expedientes. Hoxe, galegos e portugueses fan deporte xuntos, xuntos asisten a conferencias ou analizan as posibilidades de formación que se lle ofrecen no territorio veciño. As trabas á mobilidade van desaparecendo e o coñecemento non só se comparte senón que temos xa grupos de traballo interdisciplinares e transnacionais. E estou certo de que este paso do 2013 ó novo ano 2014, marcará un fito no incremento da cooperación entre Galicia e o norte de Portugal e no traballo conxunto para potenciar as nosas posibilidades de desenvolvemento e benestar.



COMPARTIR EXPERIENCIAS PARA COMPETIR MELLOR

 **ALFONSO RUEDA** 
VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA,
AA.PP. E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

Aínda que agora, ás portas do novo 2014, os indicadores macroeconómicos comezan a mostrar os primeiros signos dun certo optimismo, o certo é que o 2013 foi un ano marcado de novo pola situación de crise da economía internacional. Unha crise que afecta dun xeito moi agudo a Europa e que vén obrigando as diferentes administracións a facer axustes e a racionalizar o desenvolvemento de proxectos e programas. Tamén na Eurorrexión, o traballo destes últimos doce meses tivo que acomodarse ao axuste orzamentario europeo, definindo con claridade os obxectivos pero sen renunciar á cooperación xa que as sinerxías xeradas no traballo conxunto entre Galicia e o Norte de Portugal supoñen unha ferramenta indispensable para saír adiante.

Neste camiño, non se pode caer en triunfalismos absurdos, pero tampouco podemos deixar que o pesimismo nos leve a negar o camiño feito nesta esquina noroeste da Península nos últimos anos. Cunha aposta centrada no coñecemento, a posta en valor actualizada das actividades económicas tradicionais, e o pulo outorgado ó I+D+i como palanca para detectar novas posibilidades vencelladas ás novas tecnoloxías ou ás enerxías renovables, a Eurorrexión demostrou que dende a periferia xeográfica se poden ofrecer solucións interesantes e competitivas nun mundo e un mercado globalizado.

Por mencionar dous exemplos. O traba-

llo de recuperación dos Camiños de Santiago vén demostrando que a posta en valor do patrimonio cultural pode xerar novos fluxos de turismo alternativo, capaces de dinamizar a economía das zonas polas que discorren. E que os valores aparentemente intanxibles da Historia, como unha peregrinaxe relixiosa, poden ser o mellor punto de partida para obter resultados concretos, sustentar novas iniciativas económicas ou renovar a proxección internacional dunha comunidade. Dun xeito semellante, os viños de Porto gozan hoxe dunha marca e un prestixio mundialmente recoñecido, e mesmo xeneran grupos de investigación académica en torno ás súas características e percepción organoléptica.

A potencia das ferramentas de cooperación de que dispón a Eurorrexión foi fundamental para darlle a maior proxección posible a estas e outras iniciativas. Xuntos temos máis capacidade e chegamos máis lonxe. Co coñecemento compartido, competimos mellor nos mercados. Neste sentido, e xa que o Miño ten demostrado tantas veces que non foi unha fronteira senón unha invitación a tender pontes, penso que o traballo do futuro ten que camiñar tamén nunha estratexia atlántica que leve a desenvolver liñas de traballo con países e rexións de Latinoamérica. Compartimos linguas e unha mesma herdanza cultural, e un mesmo interese pola cooperación transnacional como fórmula de desenvolvemento de rexións perifé-



ricas. A visita que este ano xiraron varios expertos americanos á eurorrexión servirá sen dúbida para impulsar este traballo no futuro.

Tamén debemos manter e ampliar a cooperación no seo da propia Unión Europea. A macrorrexión RESOE é xa unha realidade que vén dando os seus primeiros froitos. Ademais, a mellora das conexións da fachada atlántica co interior, e o desenvolvemento de fórmulas que permitan incrementar o tráfico marítimo e des-



A potencia das ferramentas de cooperación de que dispón a Eurorrexión foi fundamental para darlle a maior proxección posible a estas e outras iniciativas. Xuntos temos máis capacidade e chegamos máis lonxe



conxestionar o transporte por estradas son dúas liñas de traballo que abren novas expectativas para as infraestruturas e as empresas da Eurorrexión.

Cando comezou este camiño de traballo conxunto, a renda galega no acadaba o 75% da renda media comunitaria. Hoxe, co emprego axeitado dos fondos e axudas europeas, esa cifra superouse ata o punto que Galicia deixa de ser considerada rexión de converxencia. Non se trata, como dixer, de caer no triunfalismo, pero é

de xustiza recoñecer a importancia que a cooperación transnacional e transfronteiriiza ten neste camiño de desenvolvemento. Hai máis de dúas décadas, Galicia e o Norte de Portugal apostaron por un xeito propio de darlle contido á súa común pertenza a Unión Europea. Un xeito enraizado no forte vínculo establecido entre ambos pobos ao longo de séculos de Historia compartida e que segue demostrando hoxe a súa eficacia e as súas posibilidades de cara ao futuro.

RETOS PARA UNHA NOVA ETAPA

 **JESÚS GAMALLO** 

DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

A Eurorrexión viviu o ano 2013 cunha forte sensación de cambio, de peche dunha etapa e inicio dun novo período marcado pola axenda e o novo plantexamento económico comunitario para o período 2014-2020. Neste sentido, cumpre recordar que Santiago acolleu o pasado marzo o terceiro foro da Asociación Europea de Rexións Fronteirizas que tivo como principal obxectivo definir os obxectivos que debe buscar a cooperación transfronteiriza ante esta nova situación.

É certo que, desde o seu nacemento, a Eurorrexión demostrou a súa eficacia xestora, a súa capacidade para fixar e acadar obxectivos concretos, e a aposta por un deseño de programas derivados da avaliación das situacións de partida e centrados en aportar melloras concretas ós cidadáns. En liñas xerais, o traballo desenvolvido nestes últimos anos axústase ben ás novas esixencias comunitarias que piden cada vez unha maior concreción de obxectivos e unha avaliación dos recursos dispoñibles e da capacidade para involucrar nas iniciativas ó capital privado.

Este é un dos retos cara ó futuro inmediato. Despois de demostrar que a Eurorrexión non era o xoguete dun conxunto de políticos e funcionarios, senón unha ferramenta para mellorar as condicións de vida ou as posibilidades de crecemento económico dos cidadáns galegos e portugueses, é importante consolidar o traballo feito e involucrar ó tecido social no conxunto dos programas do futuro.

En este sentido, o éxito acadado pola eurocidade Tui-Valença estase a converter nun marco de probas privilexiado. A resposta dos cidadáns está superando mesmo as expectativas máis optimistas. Duran-

te todo o ano pasado, galegos e portugueses fixeron deporte xuntos, asistiron xuntos a simposios e conferencias, e mesmo participaron nun estudio biométrico para medir a saúde da poboación de ambas beiras do río. Ás veces, os xestos máis normais acadan un especial sentido simbólico, e resulta emocionante, como marca do avanzado na consolidación da cooperación, a existencia do grupo de Facebook “Caminhadas Saudáveis e Andainas Saudables”, no que colgan imaxes, comentarios e informacións veciños de ambas cidades antes ou despois dos seus recorridos.

Boa parte das iniciativas desenvolvidas na eurocidade ou na Eurorrexión contaron con algún tipo de respaldo ou esponsorización de empresas privadas. E para seguir avanzando da man do sector empresarial, os emprendedores e o I+D, a nosa AECT organizou varios foros específicos. Foi o caso da semana de emprendedores que se celebrou en Oporto, centrada en mostrar casos de éxito de proxectos empresariais innovadores. Ou tamén das xornadas que Vigo e Braga adicaron ó crecemento intelixente na Eurorrexión, centrado en fomentar o entendemento e as vías de cooperación entre a universidade e a empresa.

Nestes foros quedou patente que a filosofía de traballo da Eurorrexión e as



fórmulas de desenvolvemento económico camiñan da man. A cooperación transfronteiriza naceu como xeito de anovar e axustar ós novos tempos unha historia de séculos de veciñanza; e todos os expertos coinciden en sinalar que o camiño máis firme para o desenvolvemento de Galicia e o norte de Portugal pasa por aproveitar o “know how” acadado nas industrias tradicionais, aplicándolles as posibilidades das novas tecnoloxías e buscando novas actividades complementarias ou que aporten valor engadido ó tecido empresarial tradicional.

Neste sentido, poden destacarse tamén as conclusións da conferencia internacional de turismo que organizou a AECT en Vila Nova da Gaia. O turismo é un bo exemplo da capacidade da eurorrexión para modernizar un sector tradicional e xerar novas iniciativas económicas. O turismo rural e de pousada, as rutas de turismo alternativo ou de cicloturismo, o turismo de peregrinaxe coa posta en valor das diferentes rutas do Camiño de Santiago ou dos santuarios do norte de Portugal ou o deseño de ofertas de estadias curtas, pensadas para viaxeiros do país veciño, son algúns dos exemplos do que o sector ofrece, e dos froitos concretos da cooperación.

Todos este caudal de información e de boas prácticas está a servir para elaborar o Plan de Investimentos Conxuntos para a Eurorrexión, que planificará os investimentos de Galicia e do Norte de Portugal ata o ano 2020, coincidindo co período de financiación comunitaria 2014 - 2020.

Dende a Eurorrexión, seguimos a traballar pensando nos cidadáns e as súas necesidades concretas. O impulso da mobilidade, os esforzos para axilizar as homologacións de títulos e fomentar as posibilidades de formación transnacional, a mellora na prestación de servizos básicos como a saúde ou o deseño de mecanismos de xestión conxunta do patrimonio natural compartido son solo algúns exemplos do traballo feito e das liñas que se manterán no futuro. Un traballo que os interesados poden consultar, compendiado, nas páxinas de este anuario, testemuña do feito nos últimos doce meses e promesa dun novo esforzo cara o 2014.



30 novembro 2000
Declarada Patrimonio da Humanidade
UNESCO



Hai 13 anos a nosa Muralla foi declarada PATRIMONIO DA HUMANIDADE.
Estamos tan orgullosos do noso que tamén queremos compartir coa
humanidade a beleza da RIBEIRA SACRA



DEPUTACIÓN DE LUGO



Apoia coa túa firma a candidatura para converter a Ribeira Sacra en Patrimonio da Humanidade

www.deputacionlugo.org



EL AÑO QUE NO FUE... O NO

 **XOÁN F. VÁZQUEZ MAO** 
SECRETARIO XERAL DEL EIXO ATLÁNTICO

Cada inicio del año solemos desearnos lo mejor, aunque solo sea una forma de conjurar las desgracias, anteponiéndoles buenos deseos y montañas de ingenuidad e ilusión. No deja de ser un remedo de la política del avestruz, escondiendo la cabeza bajo tierra, para que no le vean, desconocedor del determinis-

mo fatalista que acaba transformando al ingenuo animal en un plato gastronómico, ya sea para el ser humano o para un león más pragmático y menos estúpido que el avestruz. Claro que, a fin de cuentas, nos va a dar lo mismo. Así que mejor confiar en la bondad del destino, por la misma razón que jugamos a la lotería,

o que votamos en las elecciones. Y es que la ilusión es un elemento fundamental para ejercer con dignidad esa dura tarea que es vivir.

Naturalmente, en 2013 los que nos metieron en una crisis fabricada a medida de sus intereses, no consideraron necesario permitirnos salir, ni -por supuesto- recuperar nuestras economías y nuestros niveles de empleo y bienestar. Como mucho aceptaron, en un rasgo de humildad, o de soberbia y prepotencia, según se mire, que se habían equivocado en sus análisis, hundiendo a un país y sus ciudadanos (Grecia) y dejando para el arrastre a otro (Portugal) que se va salvando gracias al inmenso sacrificio de sus ciudadanos.

Tampoco fue el año en que los que la hicieron, la pagaron. Y así un año más ninguno de los que se lucraron con el dinero de bancos que acabaron siendo rescatados por dinero público, acabó delante de un juez. Ni en España, ni en Portugal. Y es que "Iberia is different". Siempre me pregunté por qué se puede recortar la sanidad o la educación pública, que mueven más de cien mil empleos, y en cambio hay que rescatar un banco que mueve diez mil como mucho. Aunque en el fondo reconozco que es envidia. A mí también me gustaría robar en el FNAC o en El Corte Inglés, y que el Estado pagara el importe de lo que hubiera robado y estuviera disfrutando cómodamente en mi casa.

Pero tampoco hay que ser destructivo. También fue el año en que para compensar, solucionamos el problema de las Scut, convirtiéndonos en el primer territorio de Europa con interoperabilidad de sistemas de peaje, y en que el tren Celta redujo en una hora la distancia entre Vigo y Porto; distancia que dos años antes amenazaba con ser un abismo infranqueable. Y sobre todo, el año en que se aprobó la dotación financiera que permitirá tener un tren moderno y competitivo dentro de tres años.

Así que, elijan ustedes con que se quedan. Si con el año que no fue, o con el año que fue. Porque si elijen la segunda opción, entonces pongámonos rápidamente a trabajar en el año que será. Pero eso ya lo contaremos en el análisis del 2014.

CAPACIDADE EMPREENDEDORA

 **EMÍDIO GOMES** 
PRESIDENTE DA CCDR-N L DEZEMBRO.2013

As ações concretizadas em 2013 na Euro Região Galiza – Norte de Portugal obrigam-nos a uma análise das relações estreitas entre estas regiões vizinhas, mantidas e consolidadas pela força dos seus atores regionais. O ano fica, desde logo, marcado pelo reencontro das presidências do Governo Regional da Galicia e da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N) e pelo compromisso renovado em potenciar a Euro Região no contexto europeu.

Atentos ao peso da cooperação territorial europeia para o próximo período comunitário 2014-2020, a nossa posição só poderia ser a de investir esforços no planeamento de ações que permitam ganhar escala e minimizar assimetrias regionais. O exercício, que começou a ser feito em 2013 pela Comunidade de Trabalho Galicia – Norte de Portugal, conhecerá novidades no início de 2014. Trata-se de uma estratégia que prevê uma menor dispersão de projetos, apelando ao estabelecimento de parcerias entre os atores regionais, em virtude de uma maior concentração no alcance de resultados tangíveis.

Na prática, pretendemos dar consistência à chamada “cooperação de segunda geração”, agora também designada de “cooperação inteligente”. Hoje temos a noção de que a nossa única alternativa é aproveitar as infraestruturas e equipamentos que em tempos foi importante construir, mas que agora devemos otimizar, operacionalizando modelos de gestão comum, explorando formas de reduzir as assimetrias e melhorando a competitividade territorial no seu sentido mais amplo.

Esta ambição motivou a CCDR-N a jun-

tar-se, em 2013, ao Governo Regional da Galiza e de Castela e Leão para, em conjunto, reafirmarmos o projeto de organização e desenvolvimento da macro região europeia do Sudoeste Europeu, a primeira no espaço ibérico. O desenvolvimento da mobilidade e a logística, a Investição & Desenvolvimento Tecnológico e o fomento das indústrias do automóvel e componentes são algumas das áreas que identificámos como prioritárias. O reforço do pacto de cooperação anteriormente estabelecido será fundamental para tirar o máximo proveito do próximo ciclo 2014-2020.

Recordar 2013 é, igualmente, lembrar o anúncio do arranque do programa de intercâmbio inter-regional entre estudantes e investigadores do Norte de Portugal e da Galiza, o “Iacobus”. Numa primeira

fase destinado às universidades e políticos do Norte e universidades da Corunha, Santiago de Compostela e Vigo, temos, contudo, a expectativa de que se alargue às universidades de Salamanca, Leão e Valladolid.

Trata-se de um conceito entusiasmante, uma vez que a mobilidade da comunidade jovem universitária pode ser uma semente germinadora do nosso futuro comum. Temos de ter uma base social forte, com afinidades e trocas intensas e naturais, e uma opinião pública verdadeiramente comum. Confiamos que este projeto vai materializar uma dimensão importante que faltava à Euro Região.

Confinar a análise das dinâmicas tão enraizadas entre a Galiza e o Norte de Portugal a um intervalo de apenas um ano é restringir em muito o potencial deste território. Não tenho qualquer resistência em reconhecer que 2013 foi um ano proveitoso para estas regiões de fronteira, mas reconheço que um ano é pouco para mostrar no terreno projetos que muito tempo nos tomam nos bastidores.

O reflexo dos esforços que depositamos na Euro Região continuará a ser visível nos próximos anos e confiamos que a capacidade empreendedora deste território continuará a ser a sua característica mais marcante.



A FRONTEIRA DO ENCONTRO

LUÍS MANUEL GARCÍA MAÑÁ
ESCRITOR

O mesmo título deste artigo (que serviu como base dunha conferencia nun curso de extensión universitaria coordinado polo profesor López Mira), parece semellar unha contradición. “Fronteira” significa remate, confín, mentres a expresión “encuentro” está próximo aos verbos xuntar, unir, atopar. Mais a fronteira só é unha paisaxe política no caso de Galicia e do Norte de Portugal, que vén forzada desde mediados do século XII polas rifas e os intereses das clases nobres. Así, pois, subscribo a Miguel Torga cando di que “A paisagem é realmente um estado da alma,...”, xa que a paisaxe real da fronteira galego-trasmontana-minhota, só se pode mirar cos ollos da alma e da historia, e nunca desde a perspectiva da diferenza dos nosos pobos, diferenza que non existe.

Esa Raia que marcaron os reinos ao longo de 300 quilómetros desde a foz do río Miño ata o Penedo dos Tres Reinos, dos que 75 son fluviais e 225 de Raia Seca polas serras e vales ourensás, non conseguiu esvaecer a identidade das dúas terras irmáns.

Podería ser de aplicación aquí a idea que se agocha nas palabras da primeira estrofa do poema “O Infante” de Fernando Pessoa:

Deus quiere, o homem sonha, a obra nasce.

Deus quis que a terra fosse toda uma...

Galicia non só comparte océano con Portugal; tamén comparte o mar verde e granítico das terras fronteirizas. Sobre todo comparte o mar inmorrente da fala, e sobre


as súas augas van facendo as descubertas os mariñeiros das nosas culturas.

Por iso cando moitos pobos da fronteira en Galicia estaban illados e desprezados, nos anos anteriores á guerra de 1936, había nenos galegos que acudían ás escolas dos pobos portugueses veciños. En

troques a esta situación, tempo despois, os irmáns de alén da raia, acadaron a atención sanitaria no noso país. Ningunha das dúas situacións recibiron a beizón dos gobernos de Madrid e Lisboa, mais as xentes fronteirizas buscaron remedio as súas necesidades, moitas veces ignoradas.

En 1128, o 24 de xullo, coa Batalla de San Mamede, don Afonso Henriques derrotaba á súa nai, e produciase aquilo que en Portugal se chama “a primeira tarde portuguesa”. Ata entón a Condesa espaxiaba a súa andaina persoal e o seu amor de muller nos brazos dun dos mais rancios señores galegos. O punto de encontro galego-lusitano estababase a dar entre a fermosa dona Teresa e Fernán Pérez de Traba, fillo do Pertigueiro Maior do Bispo de Santiago, Pedro Froilaz, seguidos polos seus fiéis.

Co nacemento de Portugal e o Tratado de Zamora (1143), no que Alfonso VII de Castela e León recoñece ao seu curmán Afonso Henriques como rei de Portugal, tamén principia unha fronteira de xurisdicións asolagadas pola imprecisión dos lindes, agromando unha terra que ía ser durante sete séculos terra de encontro entre portugueses e galegos. O Couto Mixto podería ser o máis paradigmático exemplo.



Galegos e portugueses, conviviron nas aldeas de Santiago, Rubiás e Meaus, nun enclave histórico singular. O mesmo se podería dicir dos habitantes doutros lugares da raia, que enxugaban as miserias propias na comprensión e solidariedade dos seus veciños de alén. Así pasou con comunidades veciñais como os mal chamados “Pobos promiscuos” de Soutelinho, Cambedo e Ladamarcos, situados sobre a raia fronteiriza, de xeito que algunhas casas, rúas e prazas eran atravesadas pola mesma liña.

A política de matrimonios mixtos vivida día a día a carón das fronteiras, tamén chegou ás máis altas xerarquías dos dous países. Galicia e Portugal apertáronse no amor e na desgraza, como sucedeu co episodio de Inés de Castro a mediados do século XIV. O encontro da moza de estirpe galega coa máis nobre dinastía lusitana remataba en traxedia, vingada, anos despois, por don Pedro, xa monarca de Portugal.

1492 e 1496 sinalan as datas da expulsión dos xudeus de Castela e de Portugal. A fronteira galego-portuguesa volve ser punto de encontro e acollemento, e moitas aldeas e vilas reciben parte do continxente xudeu pechando os ollos a súa orixe en favor da repoboación. A xudería de Tui foi das que máis alongou a súa supervivencia no tempo, de xeito que cando se segue o proceso para nomear Cabaleiro da Orde de Santiago ao pintor Diego Velázquez, parte da enquisa faise en Tui tratando de confirmar a “limpeza de sangue”, como cidade con memoria xudia aínda fresca. A explicación está en que a Inquisición tardou case un século en principiar as súas actuacións en Galicia en relación co resto da península.


A incorporación de Portugal á Casa dos Austrias, na persoa de Felipe II, aló polo ano 1581 (Cortes de Tomar), aínda que non foi unha acción pacífica, supón, mentres dura, un tempo de repouso no que o encontro entre os raianos faise máis doado, medrando os parentescos mixtos e o traballo nun e noutro lado da Raia, aínda co aspecto aduaneiro continuase a existir. Este gradual reencontro entre irmáns, estrágase en 1640, co inicio da guerra chamada da Restauração, e vén de ser este o tempo máis tráxico da Historia para os moradores da

fronteira galego-lusitana.

As escaramuzas militares foron continuas dende as dúas extremas fronteirizas, de xeito que ao delongarese non só se producían estragos nas batallas, senón tamén abusos, xa que os exércitos se fornecían a conta das xentes do pobo nos que recaían todas as obrigas (dar homes para os exércitos, abastecementos, forraxes, leñas, cartos e ata traballo persoal nas defensas). Engadíase a este pesadelo a penuria dos andazos e enfermidades, e mesmo a dexeneración do ronsel que daquela seguía aos exércitos de El Rei, é dicir, as familias, xogadores de fortuna e toda clase de pícaros que se amoreaban preto da soldadesca.

Esta foi a tónica dos séculos XVII e XVIII, con intervalos de paz e sosego, como ocorreu coa Paz de 1668, ou en 1713 co tratado de Utrech. Mais as aventuras das monarquías española e portuguesa, en relación coas súas alianzas, logo tornaban a pór a fronteira en pé de guerra. Estes tempos do século XVIII foron moi activos e dramáticos, -o tribunal do Santo Oficio non pecha por falta de traballo-. As aldeas e vilas da fronteira reciben constantemente a visita de fuxidos que buscan acollida nun ou noutro lado, aproveitando a cultura de hospitalidade dos raianos que tantas veces se ía pór en evidencia nos anos vindeiros cando se producía unha crise política ou social.

O século XIX trae á fronteira galego-minhota-trasmontana o desacougo da desfeita producida polo exército de Soult que dirixía os Imperiais de Napoleón. Non é doado para o Mariscal atravesar o río Miño despois de ocupar Galicia. A colaboración de galegos e portugueses, a climatoloxía, as alarmas e guerrillas, e o rexeitamento do pobo, fan escribir páxinas penosas ao francés, que se ve na obriga de recoñecer o abandono de boa parte da artillería en Tui, buscando por onde pasar a fronteira camiño de O Porto, tendo que avanzar entre as partidas guerrilleiras galegas. Así chega ás terras de Verín e Oímbra, onde por fin derrota ao exército do xeneral Silveira. As hostes napoleónicas aproveitan para vingárense dos atrancos postos polas xentes galego-lusitanas. Pouco tempo despois, haberían de tornar fuxindo de Wellington e



dos exércitos combinados anglo-lusos. Ese mesmo século XIX ía ser testemuña de episodios que, baixo a expresión de Carlismo, Miguelismo, Cabralismo, Setembrismo, etc..., confirmarían a solidariedade dos raianos coas xentes do outro lado.

Na guerra civil de España do ano 1936 tamén se escribiron fermosos capítulos coa xenerosidade das xentes nas aldeas portuguesas de Boticas, Tourem, Cambedo e moitas máis, amparando aos fuxidos galegos que se agochan das institucións represoras do concordo oficial dos dous países ibéricos. Aínda despois, no 23 de febreiro de 1981, escribíronse pasaxes semellantes a carón da Raia. Moitos fuxiron con papeis comprometedores para atopar a seguranza da súa persoa alén da fronteira, o mesmo que antes os fixeran os portugueses que non querían participar nas guerras coloniais africanas de Portugal, ou aqueles que tiñan contas que liquidar despois da Revolución dos Cravos de 1974. A voz do cantautor Xosé Afonso, interpretando "Grandola Vila Morena", non foi só o sinal da liberdade do pobo portugués, senón tamén a de despedida dos que non compartían a idea revolucionaria.

Así pois -roubando palabras de Miguel Torga- sempre houbo quen se esforzaba en "tornar imposible o coito das dúas margs" referíndose ao río Miño, validando o poema de João Verde que preside as murtallas de Monção.

*Vendo-os assim tao pertinho
a Galiza mailo Minho
sos como dois namorados
Que o rio traz separados
quasi, desde o nascimento
Deixalos, pois namorar
xa que os pais para casar
Ihes nao dan consentimento.*

Mais ese consentimento démololo nós, galegos, minhotos e trasmontanos que atopamos na Acta Única Europea e nos acordos de Schengen o xeito de facer que as fronteiras sexan só políticas e non físicas.

E tornando a utilizar o verbo de Torga, abraiado no cumio de Portela do Home, pódese dicir: "Agora sim. Agora podo, em perfecta paz de espírito, estender a minha temura lusíada por toda a portuguesa Galiza percorrida", dándolle a estas últimas palabras o xeito antigo da voz Gallaecia, a mesma da Galicia irredenta da que escribe o profesor Álvaro López Mira.

De todos os xeitos compre lembrar outras palabras da nosa insigne paisana dona Emilia Pardo Bazán, pronunciadas en 1901: "Portugal é para min como a América latina. Algo que teño que recoñecer política e xeograficamente, por estranxeiro, pero que moralmente, afectivamente sobre todo, continua formando parte da miña patria".

Ese é o drama dunha terra que falou un só idioma, que sinte do mesmo xeito e que devece pola idea da Gallaecia romana.

NOVAS REALIDADES NA FACHADA ATLÁNTICA

 **ENRIQUE SÁEZ PONTE** 
EMPRESÁRIO E ECONOMISTA

No mundo operam intensos processos de integração internacional aos que chamamos globalização. No caso da Galiza e Portugal, foi a entrada simultânea na União Europeia o ponto de partida desta nova etapa da nossa história: a incorporação a um mercado muito maior e mais competitivo e a desapareção da fronteira econômica entre nós.

A fachada atlântica peninsular é um espaço comercial cada dia mais integrado e mais aberto cara fora. Se procurarmos uma melhora conjunta, temos que entender, admitir e desenvolver a nova realidade. As aberturas comerciais geram processos que operam no longo prazo e que são mais eficazes se sabemos aproveitar, desde o princípio, as oportunidades que fornecem.

GALIZA É NORTE

A dinâmica econômica impulsada pela UE véu presidida, no caso da Galiza, por uma decidida abertura ao sul que vinha de recuperar. Era inevitável, depois de séculos de estarmos demasiado afastados.

O comércio entre Galiza e Portugal multiplicou-se por 26 entre 1985 e 2001, com balanço favorável á Galiza (a cobertura das importações foi de 186 % em 2001). O enorme crescimento inicial do tráfico mercantil com Portugal contou com a participação dum número alto de agentes económicos. Muitas empresas galegas deram os seus primeiros passos no comércio internacional vendendo em Portugal, um mercado muito próximo na geografia e na cultura.

A longa queda econômica de Portugal no que vai de século interrompeu o crescimento do intercâmbio comercial (multi-

plicou-se só por 1,5 entre o 2001 e o 2012) e do investimento. As empresas portuguesas, ante a debilidade da demanda interna, esforçaram-se na abertura de mercados exteriores e recuperaram parte do déficit comercial da primeira etapa. A taxa de cobertura das importações da Galiza, respeito a Portugal, baixou a 129 % em 2012, cifra similar a que se registra para o conjunto do comércio exterior galego.

As habilidades adquiridas trás quinze anos na UE permitiram ás empresas galegas uma nova fase de diversificação e crescimento das exportações em mercados mais distantes. Tendência reforçada, nos últimos seis anos, pela necessidade de manter a atividade num contexto de forte contração das vendas em Espanha.

Assim, a economia galega, que representava pouco mais de 4% das exportações de mercadorias espanholas a começos dos 90, registrou uma participação de 7,46% nessa magnitude no primeiro semestre de 2013. No mesmo período, a demanda externa ascendeu ao 31,9% do PIB galego, contra o 23,3% da média espanhola.

Esse “efeito norte” que vai crescendo dentro da Galiza, ajuda a que a sua renda per capita esteja agora por diante das regiões da metade meridional peninsular, incluída Valencia e excetuando as capitais dos dois Estados.

Porto é centro

A maior integração econômica entre Galiza e Portugal, provocada pela convivência dentro duma Europa unida, muda as velhas regras de jogo que marcaram as fronteiras estatais. Numa fachada atlântica integrada, Galiza é norte e a capital do norte de Portugal, Porto, fica no centro de



gravidade, já que em termos populacionais e económicos o espaço geográfico ao sul de Setúbal tem pouco peso.

Uma das consequências do processo de globalização da economia mundial é a perda da importância dos estados-nação de dimensões médias ou pequenas, o que em Europa vem acelerado pela própria construção da UE. Agora são principalmente as cidades as que lideram a evolução dos povos.

A integração econômica da fachada atlântica peninsular abre novas oportunidades ao Porto, para recuperar protagonismo frente a Lisboa, beneficiada pela Administração Central do Estado, que, tanto em Espanha como em Portugal, têm tendência a actuar de jeito localista em apoio das capitais. A cidade do Douro vê reforçada a sua posição e começa a exer-



cer funções metropolitanas sobre a parte mais próxima da Galiza, um país que não tem unha cidade dominante. O êxito do aeroporto Sá Carneiro é um exemplo desta nova realidade.

Deveres estratégicos para a euro-região.

Mais Galiza e o Norte de Portugal não podem ficar parados, esperando as decisões de Bruxelas ou os resultados de processos de globalização mais ou menos automáticos. Temos a obrigação de empregar a nossa influência para acelerar a dinâmica que dota de racionalidade á base econômica comum. Necessitamos um caminho de ferro que permita transportar pessoas e mercadorias a velocidades de entre 150 e 200 km/hora sobre dupla via eletrificada. É um elemento imprescindível para potenciar a capacidade de crescimento da fachada atlântica com uma

maior especialização de cidades e portos. A União Européia tem que sentir que a progressiva integração das nossas economias é mérito de Europa e só estamos faltos dum trem moderno para completar as infra-estruturas básicas de comunicação.

Sem deixar o espaço das infra-estruturas, Galiza deveria apoiar que o aeroporto Sá Carneiro tivera uma oferta de conexões intercontinentais, que ela não tem capacidade de oferecer, e Portugal deveria analisar seriamente as oportunidades abertas pela nova situação central do Porto.

Há algum obstáculo entre nós que obedece a situações difíceis de compreender, como a diferença horária. Em Espanha está aberto um debate sobre o tema, a euro-região deveria influir nele para eliminar uma situação ilógica que vem dos tempos da ditadura de Franco. Também é preciso

que ações pouco meditadas, como a operativa dos pagos nas autovias do norte de Portugal, estabelecida com uma visão estritamente nacional, não construam novas fronteiras artificiais.

Por último, há algo mói importante que só depende de nós, concretamente dos galegos. Na Galiza temos que reflexionar sobre uma língua que nos une e uma ortografia que nos separa. Vivemos numa sociedade globalizada, que valora a capacidade de comunicar-se em idiomas com peso mundial, não só em inglês. O galego facilita o aceso a um mercado de 250 milhões de consumidores, alguns empresários já o sabem e aproveitam-se. Seguro que eles agradeceriam a adoção da ortografia internacional para o galego, a derradeira ponte para fecharmos tantos séculos de pouca comunicação.

SAÍR DA CRISE, ACABAR COA DESIGUALDADE

 **JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO** 

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO E SECRETARIO XERAL DO PSDEG-PSOE

Non podemos definir o 2013 como un ano mellor que os anteriores da crise en España, só porque o noso albor da dor como contribuíntes esta cada vez máis alto, ou o Goberno se afane en que as nosas expectativas vitais como cidadáns teñan que ser cada vez máis baixas.

Cando o exíguo emprego que se crea é basicamente temporal e non se asenta sobre a recuperación sólida de ningún sector produtivo que sustente a nosa economía no futuro, é difícil falar de luz ó final do túnel.

Outra cosa é que, dada a súa incapacidade, de aquí ó final da Lexislatura o Goberno decida iluminar ese túnel con luz artificial e envorque máis esforzos en construír e proxectar unha realidade propia, que en intentar cambiar a difícil situación que día a día azouta ós cidadáns.

España non avanzou na súa solvencia económica porque non mellorou a economía das súas familias. Non obstante, si se produciu un cambio significativo no último ano que vai marcar por completo o que pode suceder no actual: España está a perder toda a súa solvencia social e pasando de ser un referente na protección das persoas e a extensión de dereitos a todo o contrario.

A reforma da Lei do Aborto, cuxo retroceso en materia de liberdades e dereitos individuais provocará que Portugal sexa o destino obrigado de moitas españolas, ou a conxelación do salario mínimo, nun momento no que a loita contra a perda de poder adquisitivo debería ser prioritaria, non son máis que o colofón dun ano enchido de medidas restritivas en materia de liberdade de expresión, dereitos laborais, benestar social, sanidade e educa-

ción públicas.

Ante este escenario, a pregunta clave non é tanto se en 2014 sairemos da crise ou non, senón como estamos a prepararnos para saír dela. Se a estamos a aproveitar para saír máis fortes non só como economía, senón como sociedade ou se, pola contra, estamos a hipotecar o noso futuro e minando o noso marco de convivencia.

Esta conxuntura, por suposto tamén afecta a Galicia, que debe prepararse para evitar quedar ancorada nunha crise permanente.

A política da dereita galega á fronte do Goberno da Xunta durante 2013 pode resumirse en obviar os dous principais problemas deste país, que son o paro e a crise demográfica, e en dar continuas patadas cara adiante e xiros argumentais ó res- to de promesas sobre as que o Presidente da Xunta pretende que transcorra a Lexislatura.

Así, no último ano, por unha parte temos visto como sen estratexia algunha de política industrial, os compromisos sobre contratos puntuais para o naval vanse demorando e sucedendo mentres se esgota a carga de traballo. Por outro, ratificamos que a fusión de caixas que ía soste o sistema financeiro que impulsaría de novo a nosa economía, non resultou ser “solvente” nin “galega”, tal e como se nos prometeira ós galegos.

Con respecto ó emprego, a pesares de que o Presidente da Xunta predí que este ano non baixará o paro na nosa comunidade e só aventura un escenario de recuperación, que rechamantemente coincide coas convocatorias electorais que lle atinxen de xeito máis directo, 2014 é para Galicia un ano cheo de retos e oportuni-

des para encarar o seu futuro.

A taxa de paro en Galicia non é inferior á española porque se estea a crear emprego. Detrás agóchanse fundamentalmente tres razóns. Unha delas é a propia desconfianza de moitos galegos nun sistema que rexeitan porque xa non lles ofrece prestacións. A segunda está vencellada a causas demográficas. Todos os anos incorpórase ó mercado laboral menos xente con respecto a outros puntos de España debido ó envellecemento e á baixa taxa de nacementos. A terceira razón ten a súa orixe na nova ondada de emigración: máis de 25.000 mozos de entre 20 e 34 anos abandonan Galicia cada ano, é dicir, unha media de 70 ó día.

Por iso, cambiar as perspectivas demográficas a través de políticas transversais e de desenvolvemento do medio rural debe ser prioritario porque ademais pode



contribuír a frear a expulsión dos galegos.

Facer que a nosa mocidade poida vivir e traballar en Galicia é posible e ten que ser outra prioridade para a Xunta, que debe deixar de asumir con resignación este fenómeno como parte do devir dos tempos.

Tamén, á marxe da visión crítica que é necesario ter sobre como foi formulado o proceso de fusión e venda das caixas, debemos aplicar o noso máximo nivel de esixencia sobre a nova situación do sistema financeiro galego como unha oportunidade para que volva fluír o crédito cara a familias e empresas, se resolva a situación dos preferentistas e non se apague a obra social.

As eleccións ó Parlamento Europeo constitúen outro reto inmediato nesta primavera, non só para comezar a redefinir o papel que Galicia ten que desempeñar en Europa, senón para tomar un novo pul-

so á conexión entre representantes e cidadáns que esixen outra distancia, outro compromiso e outro xeito de facer política que teñan como fin último as persoas e non os mercados.

Algo fundamental nun tempo no que, como di o propio Presidente do Parlamento Europeo Martin Schulz, parece que o sacrificio xa non o piden para os nosos fillos senóns que o piden para os bancos.

Este ano no que entramos, formúlase polo tanto cheo de retos e oportunidades de cambio para Galicia, que ten que recuperar terreo para non saír máis débil desta crise.

Feijóo urge a “intensificar la interoperabilidad” de los peajes

 **JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ** 
PERIODISTA

El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ha pedido en el pasado mes de abril a España y Portugal que “de una vez por todas y de forma concreta e inmediata” procedan a “intensificar la interoperabilidad” de los sistemas de peaje en la vías de comunicación, que “tanto están dañando” la economía lusa y gallega.

El “exitoso” balance de la cooperación entre Galicia y el Norte de Portugal permite a esta Eurorregión hacer esa demanda, así como reclamar “una mejora de las

infraestructuras ferroviarias”, todo ello con el fin de “hacer realidad la Eurorregión”, ha defendido Feijóo, que ha participado en la apertura del seminario del Comité de las Regiones.

El presidente gallego apostó también por eliminar “externalidades aún derivadas de la vieja frontera”, entre las que ha citado los costes de roaming o itinerancia telefónica.

Feijóo ha pedido, asimismo, incrementar las conexiones gasísticas y eléctricas

para “construir un modelo de gestión energética más eficiente, con competencia” y que permita abaratar los precios para ciudadanos y empresas.

El presidente gallego ha calificado de “exitoso” el balance de la cooperación entre Galicia y Norte de Portugal y ha destacado que ha permitido movilizar, sólo dentro del Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal, más de 135 millones de euros de inversión directa y desarrollar 70 proyectos.

Se ha referido también a iniciativas de cooperación como “la constitución de una comunidad universitaria auténticamente eurorregional”, el “correcto ensamblaje” de los servicios de protección civil y emergencias o “mejoras en itinerarios culturales y turísticos”, entre los que ha destacado el Camino de Santiago.

Ahora, ha afirmado el máximo mandatario gallego, ya se ha ordenado a la Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal que inicie las tareas para presentar propuestas integradas de inversión ante la Comisión Europea. “Nos queremos alinear con la Estrategia 2020 de la Unión Europea y, para ello, de cara a la próxima Cumbre Ibérica, aspiramos de entrada a realizar la programación conjunta de la aplicación de las transferencias de la UE durante el periodo 2014-2020”, ha manifestado.

Feijóo ha agradecido al Comité de las Regiones “el esfuerzo realizado” al asumir el aumento de “un nada desdeñable” 1% en la partida presupuestaria que afecta a este objetivo.

Además, ha instado a seguir avanzando en la unión y la cooperación transfronteriza, puesto que en momentos como los actuales, en los que “la desafección ciudadana hacia el proyecto europeo parece crecer sin límite”, quienes continúan comprometidos con el proyecto debe “proclamar, con más rotundidad, si cabe”, la necesidad del mismo y pedir “más Europa”.

No obstante, el presidente de la Xunta ha admitido que es necesario introducir mejoras en la gobernanza del euro o la integración fiscal. En cualquier caso, ha llamado a no permitir que esta necesidad de mejora “se convierta en causa de un proceso general de descalificación contra la unidad de Europa”.

Por otra parte, España y Portugal acordaron en abril dar un impulso a los proyectos ferroviarios en las fronteras de Galicia, Salamanca y Extremadura y a la interoperabilidad de los sistemas de peaje, para facilitar su uso a los ciudadanos de ambos países.

La ministra española de Fomento, Ana Pastor, y el titular luso de Economía, Álvaro Santos Pereira, celebraron una reunión de trabajo en Lisboa, preparatoria de la próxima cumbre ibérica, en la que han subrayado la voluntad de los dos gobiernos por avanzar en esos proyectos conjuntos.

La titular española ha informado de que se trabaja en las mejoras del tren Oporto-Vigo, en la conexión Madrid-Badajoz que ligará Portugal con el resto de Europa, y en la electrificación del ferrocarril entre Medina del Campo y Fuentes de Oñoro, en la frontera de Salamanca, cuya obra se adjudicará en mayo.

En el encuentro también se han tratado los peajes en las autopistas y las fórmulas para que los ciudadanos de los dos países dispongan de “buena información y medios de pago”, ha agregado Pastor en declaraciones a los periodistas tras la reu-

nión con Santos Pereira.

“Vamos a mantener una reunión, esperamos que la última, con todos los operadores de autopistas”, ha explicado al ministra en relación a la interoperabilidad de los sistemas de peaje.

Hay que lograr que los dispositivos de pago automático de Portugal funcionen en España y los de España en Portugal, como ha sucedido en las pruebas ya realizadas con más de doce mil transacciones, ha subrayado Pastor.

La ministra ha recordado que “este es un tema que importa mucho a los ciudadanos portugueses y españoles”, y se



quiere “garantizar una buena información y que puedan utilizar tanto la forma de pago con tarjeta como con OBE (dispositivo electrónico)”.

En ese sentido los dos ministros decidieron instar a las entidades emisoras de los dispositivos de peaje y a las empresas concesionarias de autopistas a que “en el plazo más breve posible, implanten la interoperabilidad de manera efectiva”, tras la exitosa prueba piloto, que fue realizada en el norte de Portugal y Galicia.

El ministro portugués ha resaltado también, al comparecer ante los medios con su homóloga española, “la necesidad de conseguir avanzar en los sistemas de

peajes de los dos países y que estén verdaderamente coordinados y tengan interoperabilidad”.

Sobre el ferrocarril Oporto-Vigo, que España y Portugal acordaron modernizar el año pasado, Santos Pereira ha señalado que se va a “electrificar de los dos lados, y se trabaja muy intensamente para tener fechas cerradas”.

En esa conexión las empresas ferroviarias de los dos países (Renfe en España y CP en Portugal) preparan ya, en un grupo de trabajo conjunto, la mejora de la comercialización del servicio, un nuevo sistema de ventas y un billete único que podrían compartir ambos operadores.

El ministro luso ha destacado en particular el plan español de electrificación de la línea de Fuentes de Oñoro, y Pastor ha manifestado que España “ha avanzado en los compromisos que tiene con Portugal” y en concreto en ese proyecto.

La electrificación de esa vía, muy importante para Portugal, ya se ha licitado y se adjudicará en el mes de mayo, ha señalado la ministra.

Los dos países están trabajando, también de forma conjunta, en los calendarios y planes de las redes europeas que afectan a la conexión Badajoz-Madrid.

El Gobierno conservador luso quiere utilizar esa línea para transportar mercancías desde el puerto de Sines, tras abandonar al llegar al poder en junio de 2011, el proyecto de ferrocarril de alta velocidad para pasajeros que iba a unir Lisboa con Madrid.

Santos Pereira no ha querido pronunciarse hoy sobre plazos o costos de esa futura conexión en espera de la cumbre bilateral prevista en mayo.

Pero ha resaltado la necesidad de articular también los planes con Francia para “mejorar la competitividad de la economía portuguesa y española con menores costes de exportación”.

Los dos ministros han señalado que volverán a reunirse en abril para avanzar en los proyectos y tener “una cumbre ibérica exitosa”, en palabras de Santos Pereira.

Galicia “marca o paso” en Europa


JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ

 PERIODISTA

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou que Galicia “marca o paso” en Europa, logra “visibilidade” e convértese “en referente”, facendo “oír a súa voz” e facendo valer “a súa experiencia” na xestión de fondos comunitarios. Así o subliñou ante os medios de comunicación logo de intervir no Comité das Rexións como relator do ditame “Recomendación para un mellor gasto”, un ditame que foi aprobado por unanimidade.

O titular da Xunta dixo estar “plena-mente satisfeito” por poder participar no Comité das Rexións en representación “de todos os territorios que conforman este foro” e como presidente dunha comunida-

de, Galicia, que coñece o importante papel que desempeña a política de cohesión no desenvolvemento das rexións, unha comunidade, incidiu, “que soubo xestionar con acerto e éxito” os fondos comunitarios ao longo de máis de 25 anos.

Feijóo lembrou que o ditame presentado e aprobado foi encargado ao Comité das Rexións pola Presidencia da UE, exercida este semestre por Lituania, ante a nova etapa que se abre en xaneiro do ano próximo e ante a necesidade de lograr unha mellor utilización dos recursos comunitarios que permitan un maior aproveitamento e unha optimización dos investimentos. Un ditame de “especial relevancia” no que Galicia ostentou o liderado, ao ser escollida como a comunidade para defendelo ante o Comité das Rexións, elección que supón, en palabras de Feijóo, “un recoñecemento por parte da Unión Europea á xestión que desde a nosa comunidade temos realizado dos fondos estruturais e de cohesión”.

O presidente galego explicou que o texto aprobado ten como obxectivo fundamental lograr unha maior eficiencia e unha maior eficacia na xestión dos fondos comunitarios que permita avanzar cara a un crecemento intelixente, sustentable e integrador, eixos centrais da estratexia Europa 2020. Algo que pasa, en primeiro lugar, relatou, por unha planificación axeitada e unha concentración temática que permita definir as áreas e os sectores estratéxicos nos que centrar os esforzos de cara a xerar un maior valor engadido e camiñar na senda da consecución dunha “cohesión social e territorial real”.

O ditame tamén aposta por unha aplicación efectiva da gobernanza multinivel



entre as diferentes administracións para garantir unha coordinación axeitada e eficaz entre todos os estatus administrativos, evitar duplicidades innecesarias e maximizar o impacto de todas as accións que se financien con fondos europeos e se desenvolven en beneficio da cidadanía.

Nesa coordinación, o texto aprobado incide nunha maior descentralización rexional e local, xa que, abondou Feijóo, “a proximidade á cidadanía permite identificar de forma máis precisa cales son os ámbitos estratéxicos nos que se deben realizar os investimentos”.

Ademais, avánzase na necesidade de simplificar os trámites en todos os niveis e administracións para concentrar os esforzos na xestión dos programas comu-

Feijóo destaca que Galicia “marca o paso” en Europa ao facer oír a súa voz e facer valer a súa experiencia na xestión de fondos comunitarios



nitarios, destinando o máximo de recursos ás iniciativas en favor da cohesión e dedicando o mínimo imprescindible aos custos burocráticos ou de execución, sen menoscar o rigor e o control, seguindo o principio de menos burocracia e máis transparencia.

De igual xeito, o ditame recolle a importancia de establecer uns mecanismos de seguimento relevantes que permitan coñecer o grao de avance e os resultados que se van obtendo, ao tempo que posibiliten a toma de decisións en función do resultado e dos recursos empregados; e sinala a conveniencia de afondar na aplicación de instrumentos financeiros, obter a colaboración da iniciativa privada e impulsar un uso innovador dos medios fi-

nanceiros, dándolle máis relevancia ao Banco Europeo de Investimentos (BEI) ou a outros bancos de desenvolvemento.

O presidente galego resaltou que o texto aprobado é o resultado dun frutífero e enriquecedor diálogo entre as rexións e amosouse confiado en que resulte “pro-veitoso”, de cara a unha mellor execución das axudas e a unha optimización dos investimentos, e “útil para todos”, para a Presidencia da UE, que solicitou a opinión do Comité das Rexións; para a Comisión Europea e os ministros encargados de Política Rexional, que analizarán no mes de novembro en Vilnius as achegas do ditame; e para as rexións, últimas destinatarias e beneficiarias dos fondos comunitarios. “Espero que este ditame se erixa

nesa guía valiosa e beneficiosa para lograr unha maior rendibilidade dos recursos comunitarios, para que a política de cohesión siga sendo un instrumento primordial e útil para a UE e esa pedra angular sobre a que sustentar a mellora da calidade de vida dos cidadáns europeos”, sinalou .

O Comité das Rexións tamén tivo un xesto de afecto cara aos afectados polo accidente ferroviario acontecido o 24 de xullo no barrio compostelán de Angrois. O presidente agradeceu en numerosas ocasións esta lembranza e asegurou que “Galicia sentiuse arroupada pola proximidade, o cariño e a solidariedade que xurdiu desde os máis diversos países do mundo”.

O presidente de Galicia quixo tamén

recoñecer o traballo e o “enorme exemplo” que deu a cidadanía galega “solidaria na dor, pero solidaria tamén na acción”. Así, pois, felicitou aos veciños de Angrois; aos profesionais sanitarios, de emerxencias e ás forzas de seguridade; aos hostaleiros, taxistas e empresarios; e, como non, a todos os galegos por facer posible unha “xesta colectiva que xa está inscrita na historia de Galicia”.

O presidente da Xunta, na súa estada en Bruselas, reuniuse co comisario de Política Rexional, Johannes Hahn, ante o que acreditou que Galicia “está a facer os deberes” xestionando con eficacia e eficiencia os fondos comunitarios, e a quen avanzou que a innovación será unha área estratéxica de investimento no marco orzamentario europeo 2014-2020.

En declaracións aos medios ao finalizar a xuntanza, Feijóo cualificou o encontro de “frutífero” e expuxo que, nel, aproveitou para agradecer a Hahn o resultado das negociacións para que Galicia puidese manter unha rede de seguridade de fondos europeos a pesar de saír xa do obxectivo converxencia e ter unha renda, en termos de PIB, superior ao 90 por cento da media comunitaria.

Feijóo lembrou a primeira reunión que mantivo con Johannes Hahn, en 2011, para expoñer a necesidade de que a UE arbitrara unha rede de seguridade para que aquelas comunidades que, a partir de 2014, abandonasen a categoría de rexións menos desenvolvidas sufrisen unha redución menos abrupta dos fondos comunitarios que percibían; é dicir, establecer unha axuda transitoria que garantise unha aterraxe suave neste novo escenario orzamentario.

Segundo explicou, esta rede de seguridade garante que Galicia poida seguir desfrutando polo menos dun 60 por cento de fondos europeos no período 2014-2020; un obxectivo polo que, dixo, Galicia vén traballando desde o ano 2009 e ao que, engadiu, haberá que sumar a porcentaxe adicional da proposta de reparto que fará o Goberno de España “na que Galicia supera o 80 por cento de fondos europeos no período 2014-2020”.

En segundo lugar, Feijóo explicou que a xuntanza serviu para acreditar ante o co-

Congratúlase de poder representar a todos os territorios que conforman o CdR como presidente dunha comunidade que coñece o “importante papel” que desempeña a política de cohesión e que soubo xestionar “con acerto e éxito” os fondos comunitarios ao longo de máis de 25 anos

O ditame presentado e aprobado ten como obxectivo fundamental lograr unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos europeos para avanzar cara un crecemento intelixente, sustentable e integrador, na liña da estratexia Europa 2020



misario que Galicia “está executando os fondos FEDER con celeridade”. Como proba deste gran esforzo referiuse á colaboración co Estado na xestión do Fondo Tecnolóxico; á participación de Galicia nos programas Innterconecta, con 105 millóns de euros; e aos 90 millóns de euros destinados ao eido da sanidade, en proxectos como o Hospital 2050 e do Innova Saúde.

En consecuencia, resaltou, “obtivemos a felicitación do comisario de que somos unha das rexións europeas que está xestionando, cofinanciando e executando os fondos europeos conforme ás previsións”.

Como terceiro punto da reunión, Feijóo presentoulle ao comisario e fíxolle entrega do primeiro borrador da Estratexia de Especialización Intelixente, RIS 3, que concreta os ámbitos específicos e prioritarios para investir os fondos 2014-2020. O mandatario galego avanzou que este documento será aprobado polo Consello da Xunta “a finais do mes de outubro ou principios de novembro”. Nesta liña, Feijóo fixo alusión ás palabras do comisario Hahn que felicitou a Galicia por ter feito os seus deberes e por ser “unha das poucas rexións europeas” que xa ten avanzada nesta estratexia.

O titular do Goberno galego precisou que este “amplio” documento recolle os cinco eidos prioritarios nos que Galicia quere investir os fondos europeos para o período 2014-2020: no eido da sanidade; da agricultura e da pesca, con especial énfase na acuicultura e na biotecnoloxía; no campo do medio ambiente, do turismo e da enerxía; en cuarto lugar en tecnoloxía, especialmente orientada a mellorar a eficiencia da administración, a abaratar os custos de funcionamento e, tamén, a mellorar a relación da administración cos administrados; e en quinto lugar, no eido da innovación orientada ás empresas.

Por último, Feijóo reiterou que Galicia “seguirá facendo os deberes” e, nesta liña, adiantou que esta tarde presentará no Comité da Rexións o ditame Recomendación para un mellor gasto, “unha iniciativa para gastar mellor os fondos europeos e para que as rexións europeas sexamos responsables para gastar con mellor eficacia e con mellor eficiencia os fondos que imos ter entre o 2014 e o 2020”, concluíu.



Galicia preséntase en Lisboa

 MARTA COSTAS 
XORNALISTA

Axentes, touroperadores e prensa especializada dos medios turísticos máis importantes do país veciño asistiron na capital portuguesa á presentación das novidades turísticas do destino Galicia, que correu a cargo da directora de Turismo de Galicia Nava Castro Domínguez e que contou coa colaboración da Oficina Española de Turismo en Lisboa.

No acto, no que se enfocaba a promoción de Galicia cara o destino A Coruña-Rías Altas debido ao voo de conexión A Coruña-Lisboa operado por TAP, estivo presente tamén a edil de Turismo do Concello da Coruña, Luisa Cid. Ademais participaron na presentación o conselleiro de Turismo de España en Lisboa, Antonio Nieto e a directora de vendas para Portugal da compañía TAP, Paula Canada.

Despois da exposición sobre a cidade herculina de Luisa Cid e as intervencións de Paula Canada sobre o voo de unión entre ambos destinos, a directora de Turismo de Galicia, utilizando como reclamo o destino A Coruña-Rías Altas, incidiu nas potencialidades da oferta turística galega

recalcando que os turistas de Portugal supuxeron para Galicia o ano pasado o 19% dos visitantes estranxeiros que recibimos nos establecementos turísticos e máis de catro millóns de portugueses realizaron excursións á nosa comunidade. Esta cifra implica o 93,6% do total de excursionistas internacionais que recibe Galicia segundo datos de Frontur, do Instituto de Estudios Turísticos de España.

Nava Castro resaltou que Galicia é a comunidade do Estado que máis aposta polo turismo e que traballa para adiantarse aos gustos dos usuarios e aos seus perfís e preferencias, deseñando produtos axeitados e que buscan a diferenciación e a exclusividade.

Turismo de Galicia deseñou novos modos de vivir turisticamente o territorio a través de dez produtos compostos por múltiples experiencias. Segundo explicou Nava Castro, “este novo plantel de produtos e paquetes turísticos promoven un novo xeito de vivir a experiencia de ser turista en Galicia”. A directora incidiu na potencialidade de Santiago como polo de

atractivo turístico por ser meta do Camiño e o “único lugar no que se pode vivir a experiencia da chegada á meta, de ver o Botafumeiro entre as naves da maxestuosa catedral e de percorrer un casco histórico Patrimonio da Humanidade”.

Segundo dixo, vivir o Camiño pode ser a porta de entrada ao descubrimento dun destino cheo de singularidades como unha ruta de faros e praias salvaxes; un produto baseado nos santuarios máxicos espallados pola nosa xeografía; o descubrimento do patrimonio oculto nas vilas e cidades galegas; ou o aproveitamento para a saúde e o benestar dos nosos recursos termais, a oferta de balneoterapia máis potente do Estado

Percorrer a Ruta da Camelia, un produto único en Europa e que pon en valor o feito de ser o lugar do mundo con máis especies e variedades de camelia despois do Xapón; ou vivir a experiencia de ser un turista mariñeiro en Galicia ou de pasear entre os viñedos das nosas cinco Denominacións de Orixe Vitivinícolas, converten a Galicia nun destino renovado, nun novo abano de posibilidades para gozar no tempo libre, tanto dos turistas, como dos visitantes e dos propios galegos que poden aproveitar para coñecer aspectos da súa terra que ata o de agora non experimentarían.

O disfrute dos Bosques de Galicia e mais do noso potencial enogastronómico constitúen xa un auténtico reclamo para os visitantes a Galicia. “A natureza e a gastronomía son a primeira e a segunda motivación daqueles que nos escollen como destino vacacional”, comentou Nava Castro.

E como colofón á súa presentación, a directora de Turismo fixo un repaso polo produto Lugares Únicos, que aglutina dez recursos inigualables que se poden descubrir visitando Galicia e entre os que resaltan os nosos catro Patrimonios da Humanidade da Unesco.

Do mesmo xeito, explicou que a través do novo xeito de promocionarse do Turismo galego, calquera usuario da rede de redes pode obter información para adquirir paquetes turísticos relacionados con estes dez xeitos de vivir o destino a través da web do Turismo de Galicia.



A cooperación, eixo das relacións de Madrid e Galicia

MANUEL LÓPEZ PAZ
KORNALISTA

O titular da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, agradeceu a receptividade do Presidente do Goberno central, Mariano Rajoy, para lograr carga de traballo en Navantia; seguir defendendo os intereses do sector lácteo e da pesca, e co compromiso de investir máis de 500 millóns a través do Ministerio de Agricultura, fundamentalmente en obras hidráulicas. Do mesmo xeito, tamén subliñou a predisposición do presidente estatal a buscar fórmulas que garantan liquidez aos afectados por participacións preferen-

tes e subordinadas.

Tras unha xuntanza que ambos mandatarios mantiveron no Palacio da Moncloa a mediados de marzo, acordaron que a cooperación seguirá sendo o eixo vertebrador das relacións entre os dous gobernos co obxectivo de seguir logrando resultados positivos en distintos ámbitos, como a execución das infraestruturas pendentes, a mellora do saneamento e do abastecemento ou unha maior competitividade dos sectores produtivos galegos.

Así, no tocante á situación que atraves

o sector do naval, o titular da Xunta fixo fincapé nos avances producidos nos últimos tempos, como a solución ao problema do tax lease ou a alianza lograda coa petrolreira Pemex, e asegurou que tanto el como Rajoy coincidiron na necesidade de seguir traballando para mellorar a competitividade deste sector estratéxico para Galicia.

Concretamente, indicou que o Presidente do Goberno é "consciente" de que Navantia Ferrol precisa lograr carga de traballo, ben reforzando as negociacións para lograr máis pedidos ou ben incrementando as instalacións de reparación do estaleiro, a través da construción do dique flotante ou doutras infraestruturas. "Acordamos que nese estaleiro ten que haber ou carga de traballo ou carga de traballo. É dicir: ou barco ou dique; ou as dúas cousas. Porque Navantia Ferrol non pode estar con esta carga de traballo tan limitada que ten neste momento", resumiu o presidente galego.

Por outro lado, no ámbito do tax lease trasladoulle ao presidente do Goberno central a necesidade de reforzar as sesións coa Comisión Europea para lograr que non se aplique a retroactividade dos efectos do tax lease. Respecto ao sector



naval, ambos os dous presidentes tamén faloron da alianza da petroleira Pemex que supón a Galicia dous contratos de máis de 380 millóns de dólares e da posibilidade de incrementar as relacións coa empresa estatal mexicana para repoñer a súa flota menor en estaleiros galegos e tamén entre estaleiros galegos e mexicanos. Neste punto, recordou que a implicación do Goberno central foi fundamental e avanzou o acordo de que se reforce tanto para ampliar as posibilidades coa petroleira mexicana como para abrir novas liñas de colaboración coa empresa Petrosbras, que ten planificada unha importante renovación da súa flota ante os novos descubrimentos de importantes xacementos petrolíferos en Brasil.

En relación ao sector lácteo, o responsable do Goberno galego recoñeceu a labor que está a realizar o Ministerio de Agricultura, no eido das axudas europeas, así como a posta en marcha do paquete lácteo. E transmitiu a necesidade de que a Lei de Transparencia da cadea alimentaria inclúa, dentro dos seus principios xerais que a inspiran, que os prezos do leite non podan ser inferiores aos custos de produción.

“No sector pesqueiro, expréseille o agradecemento polo papel de España na

Comisión Europea para o mantemento das cotas de capturas, así como a nosa presión no ámbito dos descartes e de cotas de determinadas especies”, engadiu, e asegurou que tamén lle transmitiu a necesidade de seguir traballando para mellorar as condicións en Mauritania dos pesqueiros galegos.

Ademais, o titular da Xunta de Galicia abordou co presidente Mariano Rajoy a problemática dos cidadáns afectados pola mala comercialización de participacións preferentes e subordinadas, “que nunca deberon ser autorizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, nin polo Banco de España”.

Neste eido, Feijóo destacou a “vontade” do presidente do Goberno central para buscar fórmulas que garantan liquidez inmediata aos afectados polas preferentes, dentro das posibilidades que permita a lexislación nacional e europea. Así mesmo, tamén reiterou ante Rajoy a necesidade de reforzar a vía da arbitrase, coa que case 15.000 familias en Galicia xa teñen recuperado os seus aforros.

No referido á Reforma Local, Feijóo expresou o apoio da Comunidade galega no obxectivo de diminuír o custe das administracións, incluída a administración local; e de facer unha administración máis eficiente. Con este obxectivo, plantexou a necesidade de elaborala a través dunha reflexión pausada, que permita o maior consenso posible en asuntos como a participación das comunidades en competencias que podan deixar de prestar os concellos; a fixación de límites para as retribucións. De forma máis ampla, precisou a necesidade de que un dos principios inspiradores desa reforma sexan os criterios de cooperación e colaboración dos municipios así como a fusión dos municipios. “Este tipo de cooperación, xa sexa unha colaboración puntual para a xestión de servizos públicos, parécenos un eixe vertebrador que debe incluírse na reforma; ao igual que a fusión legal voluntaria. E, neste sentido, teño que destacar que atopei

O encontro serviu para confirmar infraestruturas e inversións que están en marcha e que cumpriran o seu calendario “dentro dos prazos acordados”

Feijóo subliñou a predisposición do presidente estatal a buscar fórmulas que garantan liquidez aos afectados por participacións preferentes e subordinadas



receptividade”, explicou Feijóo.

O responsable autonómico asegurou que o encontro serviu para confirmar infraestruturas e inversións que están en marcha e que cumpriran o seu calendario “dentro dos prazos acordados”. De forma concreta, referiuse ao remate da Autovía do Cantábrico en 2013; ao Eixe Atlántico de Alta Velocidade A Coruña-Vigo, en 2014; e ao AVE entre Galicia e Madrid en 2018.

Ademais de salientar o impulso de varias melloras no eido da Xutiza e da Sanidade; Feijóo avanzou, tamén, o desbloqueo do acordo co Ministerio de Agricultura para desenvolver un plan de saneamento das rías e de abastecemento, que suporán unha inxección económica de máis de 500 millóns de euros.

Por último, o presidente da Xunta trasladou a Rajoy as liñas estratégicas e prioridades do Goberno galego para esta lexislatura. Neste senso, mantivo a prioridade de que Galicia sexa unha comunidade solvente e que “se está salvando por si mesma”, convencido de que ese é o primeiro paso para poder iniciar a senda do crecemento.

Fim da recessão em Portugal

ANTÓNIO LEAL
JORNALISTA

O Instituto Nacional de Estatística confirmou, as previsões para a economia portuguesa no terceiro trimestre, apontando para um crescimento de 0,2% face ao trimestre anterior e uma queda de 1% face ao mesmo trimestre de 2012, informou “Jornal de Notícias”. O consumo privado, como uma diminuição menos acentuada, contribuiu de forma decisiva para esta melhoria do PIB.

De acordo com a segunda estimativa do INE, no terceiro trimestre de 2013, o Produto Interno Bruto (PIB) aumentou 0,2% face ao trimestre anterior, “refletindo um contributo positivo da procura interna que mais do que compensou o contributo negativo da procura externa líquida”. Em comparação com o mesmo trimestre de 2012, o PIB caiu 1,0%, acrescentando o INE que esta “redução menos intensa do PIB” no terceiro trimestre deste ano traduz “um contributo negativo menos acen-

tuado da procura interna”, que passou de -2,9 pontos percentuais no segundo trimestre para os -1,6 pontos percentuais, “devido sobretudo à diminuição menos significativa das Despesas de Consumo Final das Famílias Residentes”.

Quando à procura externa líquida, o seu contributo para a variação homóloga do PIB diminuiu, situando-se em 0,6 pon-

tos percentuais, em resultado da desaceleração das exportações de bens e serviços. A recuperação do consumo privado e do investimento compensaram o contributo negativo da procura externa líquida (exportações menos importações) e garantiram que Portugal voltasse a registar no terceiro trimestre uma taxa de crescimento positiva. Os dados já tinham sido divulgados na estimativa rápida publicada no mês passado, mas agora, a autoridade estatística apresenta os detalhes da evolução das diversas componentes do PIB, o que permite analisar de que forma é que a economia conseguiu repetir, no terceiro trimestre, o crescimento que já tinha registado no segundo.

Assim, contrariando a perspectiva de que era pelo comércio internacional que Portugal tinha conseguido manter-se afastado da recessão, os dados do INE mostram que, no terceiro trimestre deste



La economía española entró en positivo después de nueve trimestres de contracción, en el periodo recesivo más largo de toda la democracia, según las estimaciones del Banco de España

Algunos países de la UE se han adelantado a España y abandonaron la recesión en el segundo trimestre de 2013, entre ellos Irlanda, Francia, Portugal, Finlandia, Dinamarca y República Checa

ano, o crescimento de 0,2% foi o resultado de um contributo positivo de 1,3 pontos percentuais da procura interna (consumo mais investimento) que compensou o contributo negativo de 1,1 pontos percentuais da procura externa líquida (exportações menos importações).

Entre Julho e Setembro, o consumo privado cresceu face ao trimestre anterior a uma taxa de 0,8%, o melhor resultado desde o final de 2010. Por sua vez, o investimento cresceu 4,8%, o melhor desde

o início de 2012. No total, a procura interna cresceu 1,4%. Na procura externa líquida as coisas correram pior. Por um lado, as exportações desceram 0,2% face ao trimestre anterior que tinha sido bastante forte. E por outro, as importações aumentaram 2,6%, um resultado que é uma consequência da subida do consumo e do investimento, que é ainda feito com uma elevada percentagem de bens e serviços importados.

Assim, no terceiro trimestre, o contributo positivo da procura externa líquida foi de 0,6 pontos percentuais, quando no segundo trimestre tinha sido de 0,8 pontos e no primeiro de dois pontos. Em con-

traponto, a procura interna teve um contributo negativo de 1,6 pontos percentuais no terceiro trimestre, o que representa uma melhoria face ao contributo negativo de 2,9 e 6,1 pontos no segundo e primeiro trimestres do ano.

Num ano em que se registou uma subida acentuada do IRS, em simultâneo com a devolução dos subsídios de férias e de Natal dos funcionários públicos e pensionistas, o regresso do consumo privado a taxas de variação em cadeia positivas e a taxas de variação homóloga cada vez menos negativas acontece sobretudo por via do aumento do consumo de bens duradouros.

Y TAMBIÉN EN ESPAÑA

La economía española abandona la recesión en el tercer trimestre del año, la segunda que ha sufrido desde el estallido de la crisis y la más larga desde el inicio de la democracia, tras crecer un 0,1% entre julio y septiembre, según las estimaciones del Banco de España recogidas en su boletín económico de octubre.

“La economía española prolongó la mejora gradual que se viene observando desde principios de año, en un entorno caracterizado por un cierto alivio en las tensiones financieras y una mejora de la confianza”, explicó el boletín de la institución correspondiente al décimo mes del año.

Un país entra en recesión técnica cuando acumula dos trimestres consecutivos de crecimiento negativo y sale de ella cuando registra tasas positivas en un trimestre. Con este crecimiento del 0,1%, la economía española sale por tanto de la llamada recesión técnica. A lo largo de la crisis, España ha entrado dos veces en recesión. En el tercer trimestre de 2008, por primera vez en 15 años, la economía entró en recesión y salió de ella en el primer trimestre de 2010. Pero tan sólo un año y tres meses después, en el segundo trimestre de 2011, nuestro país volvía a tener crecimiento negativo y un trimestre después volvía a un periodo económico recesivo. Hasta este tercer trimestre de 2013. No obstante, señala el boletín del BdE, “en términos de la tasa de variación interanual, que mide con algún desfase la situación coyuntural, el producto habría caído un 1,2 %”.

Dos años y medio después, el Banco de España confirmó que la recesión técnica ha finalizado. Algunos países de la UE se han adelantado a España y ya abandonaron la recesión en el segundo trimestre de 2013, entre ellos Irlanda, Francia, Portugal, Finlandia, Dinamarca y República Checa.

Los expertos del Banco de España consideran que “los elevados costes de financiación de la banca española” podrían estar actuando como “freno al proceso de recuperación económica”, especialmente en lo que se refiere al crédito a las pymes, según un artículo inserto en el boletín de octubre del BdE.

“Se han detectado algunas fricciones por el lado de la oferta (de crédito) que podrían estar actuando como freno al proceso de recuperación económica”, vinculadas a los elevados costes de financiación de la banca española “derivados de la fragmentación de los mercados financieros en Europa y a los efectos de la crisis sobre la calidad crediticia de los prestamistas”, aparece en el artículo elaborado por Juan Ayuso, de la Dirección General del Servicio de Estudios.

Según el informe, estas dificultades afectan sobre todo a las pymes, explica el autor del informe, que propone varias vías para solucionar este problema, entre ellas potenciar el papel del Instituto de Crédito Oficial (ICO) y simplificar el marco público de apoyo financiero a las pymes.





Galicia, “ejemplo extraordinario” del uso de fondos europeos

 RICARDO NÚÑEZ 
PERIODISTA

El embajador de la República de Irlanda en España, Justin Harman, cuyo país ejerció la presidencia del Consejo de la Unión Europea (UE), ha destacado a Galicia como “ejemplo extraordinario” de la utilización de fondos estructurales y de cohesión en el territorio.

Harman visitó Galicia junto a una delegación de embajadores de la UE en España, que mantuvieron un encuentro en Compostela con el ministro de Asuntos Exteriores, José Manuel García-Margallo, y el presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quien ha subrayado que Galicia, una de las cunas de Europa, es una muestra de que su esfuerzo de solida-

ridad “no fue estéril”. En este contexto y tras incidir en la responsabilidad y buen uso en la gestión de fondos comunitarios, Núñez Feijóo ha confiado en que los presupuestos europeos recojan la aspiración de Galicia de contar con fondos de transición que garanticen su aterrizaje suave, al tiempo que ha ofrecido un “intercambio fructífero” a los embajadores europeos para que sus países inviertan en Galicia a cambio de voluntad y confianza en ella. Durante dos días, los diplomáticos europeos participaron de la incidencia de los fondos europeos en la comunidad y su inversión en infraestructuras y vertebración territorial, por lo que acudieron al Centro

de Investigación Molecular y Enfermedades Crónicas de la USC, conocieron el proyecto Smart City de A Coruña y visitaron las plantas de Inditex y Feiraco, entre otras actividades. De estas inversiones europeas, Harman ha destacado el “impacto extraordinario” para reducir las diferencias en el desarrollo entre regiones y estados miembros de la UE, que es, ha destacado, “parte de la solución”.

Así, kilómetros de autovías, de tren de alta velocidad o una sociedad innovadora son los ejemplos que el presidente gallego ha puesto de la inversión europea en la comunidad, que ha salido de su “post-tracción” gracias al trabajo de sus habitantes, a la democracia y a una Europa solidaria.

En este sentido y por el “buen uso” de esos fondos, ha continuado, Galicia ha sido elegida por el Comité de las Regiones para elaborar el dictamen acerca de cómo gastar mejor los fondos entre 2014 y 2020 y podrá seguir contando con más pese a dejar de ser objetivo prioritario.

Núñez Feijóo ha atribuido ambas decisiones a la “acción brillante” del presidente del Gobierno, Mariano Rajoy, y del ministro García-Margallo, por saber dar “un paso más” en el reencuentro con Europa y que ha derivado en que Galicia abandone épocas de su “negra biografía”.

El jefe del Ejecutivo autonómico también ha abogado por tender lazos culturales, políticos y económicos con los países europeos a través de sus embajadores presentes en el encuentro, ante los que ha destacado la «solvencia» de Galicia, que ha sido la «única» que ha cumplido los criterios del déficit público todos los años, y su “credibilidad”, pues acoge compañías como Citroën o Pemex.

En este sentido, les ha ofrecido una oportunidad de inversión en la comunidad y superficie para desarrollar proyectos de todo tipo, así como su condición de puente entre el mundo hispano y luso, reforzado desde este año con el tren de alta velocidad.

Todo ello a cambio de “la voluntad de apostar por Galicia y la confianza de creer en Galicia”, una comunidad que anhela acompañar corrientes foráneas porque es una cultura que “no se aísla”.

O potencial turístico da auga

M. LÓPEZ PAZ
XORNALISTA

O Centro de Remo de Viana do Castelo acolleu un encontro dedicado ao estudo do potencial turístico da auga. A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro Domínguez foi a encargada de clausurar a conferencia, na que interviñeron, entre outros relatores, o coordinador da Unidade para a Cooperación Estratéxica da CCDR-N, Nuno Almeida; o ministro rexional do Orzamento e Autoridade Local da Rexión do Veneto e representante da AECT Euregio Senza Confini, Roberto Ciambetti; o director da AECT Galicia-Norte de Portugal, Juan Lirón; ou o vicepresidente da Cámara Municipal de Viana do Castelo, Vítor Lemos.

O Consorcio Minho IN está liderado pola Comunidade Intermunicipal do Minho-Lima conxuntamente coas Comunidades Intermunicipais do Ave e do Cávado, agrupando á Entidade Regional de Turismo Porto e Norte de Portugal, a Comissão de Viticultura da Região dos Vinhos Verdes, ao Instituto de Conservação da Natureza e Biodiversidade, ás Associações de Desenvolvemento Local, así como promotores privados.

Na súa intervención, a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, explicou que as Nacións Unidas proclamaron 2013 como o Ano Internacional da Cooperación na Esfera da Auga e indicou que a importancia da cooperación nesta materia baséase no feito de que o uso da auga “é unha cuestión transversal que require a cooperación de todos os axentes e sectores”. Ao tempo, a Organización Mundial do Turismo tamén conmemorou o Día Mundial do Turismo baixo o lema “Turismo e Auga: protexer o noso futuro común”.

Nava Castro explicou que, de igual

xeito que noutros sectores, a auga é un elemento imprescindible para o desenvolvemento de calquera actividade turística e por isto se deben tomar todas as medidas necesarias para facer “un uso eficiente del”. A directora de Turismo explicou as potencialidades turísticas do destino Galicia en relación coa auga –resaltando as potencialidades de Galicia como destino termal e como destino de turismo activo en contacto coa natureza- e indicou que Turismo de Galicia traballa na creación do Club de Produto Turístico da Auga de Galicia.

“O obxecto do Club é promover o desenvolvemento de experiencias turísticas e produtos coa auga como eixo vertebral”, explicou Nava Castro. A finalidade deste ente será artellar unha oferta atractiva de experiencias turísticas relacionadas coa auga, así como impulsar ao sector para mellorar o uso, o consumo e o aproveitamento do recurso para garantir a súa sustentabilidade. O Club permitirá a coordinación dos axentes, a participación activa e conxunta, a mellora da calidade, a aposta pola sustentabilidade, a innovación e a especialización. “Con isto, crearase marca e ofreceranse produtos adaptados ás novas demandas e segmentos de demanda”, explicou a directora de Turismo.

Ao tempo, a directora destacou que a auga é un dos eixos vertebradores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O potencial turístico da auga constitúe a base na estrutura de produtos turísticos mixtos. Nava Castro destacou que se está a traballar na potenciación destes recursos para convertelos en produtos turísticos comúns dos galegos e os portugueses. “A Ruta Termal e da Auga polo río Tâmega, dende Verín a Vidago e viceversa será unha realidade”, explicou. Ademais engadiu que se traballa na elaboración dunha guía que identifique os recursos turísticos e na creación de produtos turísticos sobre os recursos hídricos.

“O obxecto do Club é promover o desenvolvemento de experiencias turísticas e produtos coa auga como eixo vertebral”, explicou Nava Castro. A finalidade deste ente será artellar unha oferta atractiva de experiencias turísticas relacionadas coa auga, así como impulsar ao sector para mellorar o uso, o consumo e o aproveitamento do recurso para garantir a súa sustentabilidade. O Club permitirá a coordinación dos axentes, a participación activa e conxunta, a mellora da calidade, a aposta pola sustentabilidade, a innovación e a especialización. “Con isto, crearase marca e ofreceranse produtos adaptados ás novas demandas e segmentos de demanda”, explicou a directora de Turismo.



El “milagro” español está en Galicia

✎ MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ ✎
PERIODISTA

En unos tiempos especialmente difíciles por la crisis que afecta con especial dureza al Sur de Europa, el “milagro” español, ala excepción, se encuentra en Galicia. Concretamente en el municipio coruñés de Arteixo donde está ubicada la sede central de la empresa Inditex que, año tras año, logra incrementar sus cifras de negocio y sus beneficios de forma notable, pareciendo no tener límite.

El año de 2013 ha sido para Inditex y las empresas del grupo otro año excepcional, dentro de un panorama depresivo. Trimestre tras trimestre ha ido acumulando beneficios, en algún momento de hasta el 22%, al tiempo que expandía su red de establecimientos, especialmente en el extranjero.

Inditex es una excepción, la gran excepción de la economía española y también de la gallega. Una empresa admirada en todo el mundo al frente de la se mantiene Amancio Ortega, su creador junto a su entonces esposa, Rosalía Mera fallecida este año. Una empresa surgida es un modesto taller. De un pequeño taller, a más de cinco mil tiendas y cien mil trabajadores. De 1963, cuando nace el germen de lo que años más tarde se convertiría en el gigante de la moda exprés, Inditex, a la actualidad, en el que ese gigante es ya una realidad. De Amancio Ortega, su creador, a Pablo Isla, su nuevo presidente. De un pasado del que sólo se puede decir que ha sido todo lo exitoso que pudiera imaginarse a un futuro que se antoja ambicioso.

Amancio Ortega, un pequeño empresario especializado en la venta de prendas de vestir, principalmente batas de señora guateadas, comenzaba a apuntalar las bases de un negocio con aparentemente po-

co recorrido en la ciudad de A Coruña. Nadie podía imaginar que medio siglo años más tarde, ese taller donde toda la familia formaba parte del proceso creativo, se convertiría en la mayor compañía de retail del mundo con más de 5.000 tiendas y presencia en nada menos que 77 países.

Ese empresario de origen leonés nacido en el 36, que ostenta la octava fortuna del mundo y primera de España, ha decidido dar un paso a un lado para ceder el testigo de su gigantesco imperio. El elegido fue su delfín, Pablo Isla, que ocupa el cargo de consejero delegado de la firma desde 2005. Él se ha convertido en el hombre de máxima confianza de Amancio Ortega y es el encargado de mantener el ritmo de expansión y de beneficios que viene mostrando el grupo empresarial.

El cambio en el organigrama de Inditex, histórico desde el punto de vista empresarial, no conllevó ningún cambio de rumbo en la política de la empresa ga-



El año de 2013 ha sido para Inditex y las empresas del grupo otro año excepcional, dentro de un panorama depresivo. Trimestre tras trimestre ha ido acumulando beneficios



llega. Pablo Isla, hasta entonces vicepresidente de la textil, fue nombrado por la junta de accionistas como nuevo presidente y en sus primeras palabras, además de agradecer el ascenso, dejó claro que en sus planes solo entra seguir trabajando como hasta ahora, sin cambiar apenas las bases aplicadas hasta el momento. No obstante, han llevado a Inditex a alcanzar un valor bursátil cercano a los 40.000 millones de euros.

La mitad está en manos de Amancio Ortega, presidente hasta el martes y fundador de la firma. De ahí el primer punto relevante de la orden del día: no era una sucesión cualquiera. Después de Ortega, Isla, con menos de 50 años, asumía por primera vez esta semana la mayor responsabilidad sobre la empresa insignia del textil en España, una de las tres más valoradas en el Ibex y cuyo prestigio a nivel internacional está fuera de toda duda.

Isla no tuvo sino palabras de “agradecimiento infinito” para su mentor, al que citó en varias ocasiones como “ejemplo vital, laboral y empresarial” y cuya estela seguirá en esta nueva etapa en la firma. No obstante, su llegada al grupo fue de la mano del propio Ortega y su nombramiento es resultado de una propuesta suya.



Las cifras con las que se encuentra Isla, que conoce bien y de las que es, en buena medida, responsable por su labor hasta el momento como vicepresidente. Inditex está presente en los cinco continentes, al cierre del año pasado contaba con 5.044 tiendas y un volumen de ventas superior de los 12.000 millones de euros. Solo en inversión, fundamentalmente en nuevos emplazamientos para sus tiendas, los mejores de las principales ciudades del mundo, el año pasado Inditex gastó 754 millones de euros, una cantidad importante para uno de sus ejes: la ubicación de sus establecimientos, en la milla de oro de todas las ciudades del mundo, desde Tokio a Melbourne.

París, Madrid, Nueva York, A Coruña, Tokio, Praga, Roma (ubicación de la tienda número 5.000 del grupo) o Milán son solo alguna de las ciudades que han succumbido a la ropa de calidad a precios asequibles. Es el único secreto de Inditex, que genera un volumen de empleo indirecto de en torno a 5.500 proveedores.

La nueva etapa será tan internacional como la de Ortega. Durante su intervención en la junta y en la rueda de prensa posterior, Isla insistió una y otra vez en la idea de “compañía global”. De hecho, dijo

que afronta esta nueva etapa con “objetivos cualitativos más que cuantitativos”, al ser preguntado sobre la previsión de crecimiento de negocio.

Al respecto, apuntó que la intención es que la compañía siga “a la vanguardia de la moda y la máxima calidad”, aunque destacó su intención de incrementar las cifras de negocio del grupo “con un foco importante en los países europeos y asiáticos”. En cuanto a su expansión en China, confirmó que apuestan por un “crecimiento orgánico” debido a las posibilidades de negocio en este país.

Pero no todos han sido éxito en 2013 para Inditex. Porque en agosto, perdió a su cofundadora y Galicia, a una filántropa. La empresaria Rosalía Mera Goyenechea falleció a causa del derrame cerebral que sufrió ayer en Menorca, cuando disfrutaba de unos días de vacaciones. La empresaria, considerada por la revista Forbes como la mujer más rica de España, se inició, junto a Amancio Ortega, como costurera de batas de güata en un pequeño comercio coruñés, “La Maja”, donde se inició un proyecto diferente al decidir dejar de producir para otros y fabricar y distribuir sus propios productos. Rosalía y Amancio se iniciaron con “Goa”, que fue el anteceden-

te de Zara. Sus dos talleres, uno en la calle Noya y otro en San Rosendo, en A Coruña, apenas le dejaban tiempo libre para sus hijos, así que Mera decidió desvincularse de Zara. En 1986 la pareja se separó tomando caminos diferentes. Mientras que Amancio Ortega se dirigía al éxito con Inditex, Rosalía Mera decidía estudiar Magisterio y fundaba Paideia, una organización dedicada a la integración social

Paideia es mucho más que eso. Se constituye, en abril de 1986, como “un espacio abierto, con una vocación interdisciplinar y pluridimensional, que abarca formación, intervención e investigación, especialmente en Ciencias Humanas y Sociales”.

